

## ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE SANTA MARIÑA DO DÍA 20 DE ABRIL DE 2016

No local da Asociación de Veciños de Santa Mariña, situado en O Sino s/n, Ferrol, sendo as 17:05 horas, celebrouse a Asemblea de de Barrio de Santa Mariña co/as seguintes **asistentes**:

|   |  |                 |    |
|---|--|-----------------|----|
| Polo Goberno municipal:                             | José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística |                 |    |
| Traballador/a municipal:                            | Guadalupe Rivas Dopico, oficial administrativa do Concello de Ferrol   |                 |    |
| Asistencia técnica:                                 | Andrea Rico Adegas da empresa Rexenerando S. Coop. Galega  |                 |    |
| Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio: | 21   | Nº de homes:    | 10 |
|   |  | Nº de mulleres: | 11 |

### Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación dá a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Andrea Rico da empresa Rexenerando S.Coop. Galega que realiza unha breve explicación do que consiste o procedemento.

En primeiro lugar procédese a escoller áos representantes de Santa Mariña tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza.. D. Luis Víctor Ruíz Rodríguez presentouse como candidato á vicepresidencia a título individual nunha candidatura previa. Na asemblea desenvolvida preséntanse como voluntarios D. Manuel Arias López á vicepresidencia como representante da AAVV; e ao Consello da Veciñanza se presentan José Manuel Caeiro López e Luis Víctor Ruíz Rodríguez, resultando propostos neste acto co apoio da unanimidade dos/as asistentes/as as seguintes persoas:

| VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO |   |
|-------------------------------------|---|
| A título individual                 | Luis Víctor Ruíz Rodríguez ( a título individual) |
| En representación de entidades      | Manuel Arias López (AAVV de Santa Mariña)         |

| REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA |  |
|---|--|
| José Manuel Caeiro López                |  |
| Luis Víctor Ruíz Rodríguez              |  |

A continuación preséntaselle á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a vindeira asemblea de barrio.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas de Santa mariña e que a modo de resumo son os seguintes:

- Ponte da vía de Santa Mariña
- Eliminación liñas de Alta Tensión
- Comunicación co Ensanche A
- Mobilidade. Transporte público
- 

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 19:15 horas.

O concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística



Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

A traballadora municipal



Asdo.: Guadalupe Rivas Dopico